

Exposición

MOSCOSO COSMOS: O UNIVERSO VISUAL DE VICTOR MOSCOSO



DATAS Do 14 de abril ao 10 de outubro de 2021

LUGAR Fundación Luis Seoane, A Coruña

PRODUCCIÓN Fundación Luis Seoane, (A Coruña); MUSAC Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León (León) e Centro Niemeyer (Avilés). Coa colaboración de Acción Cultural Española (AC/E)

COMISARIO David Carballal

Exposición

Moscoso Cosmos: O universo visual de Victor Moscoso trae ao noso país unha ampla selección do traballo dun dos deseñadores gráficos máis orixinais e influíntes do século XX e é a maior exposición retrospectiva do autor ata hoxe. A presente mostra reúne a célebre serie de carteis de rock psicodélico realizados en apenas oito meses durante os anos 1966 e 1967 e catorce números da revista underground Zap Comix, editada ao longo de corenta anos con artistas como Robert Crumb ou Rick Griffin. Xunto a estes dous eixos, inclúese outra selección de carteis, cubertas de discos, cómics, ilustracións para libros e revistas, animacións e fotografías biográficas que completan un percorrido marcado por imaxes icónicas da segunda metade do século XX.

Distribuída en dúas salas da Fundación Luis Seoane, exporase a obra gráfica orixinal de Victor Moscoso -pertencente na súa maior parte á colección do Concello da Coruña, a maior colección pública do artista en Europa-, proxectaranse as súas animacións e instalarase unha sala dedicada aos seus espectaculares carteis cinéticos, ademais doutros elementos que axudan a comprender as particulares aportacións e método de traballo do artista.

Moscoso Cosmos: o universo visual de Victor Moscoso é unha coprodución da Fundación Luis Seoane da Coruña, o MUSAC de León e o Centro Niemeyer de Avilés, e conta coa participación de Acción Cultural Española.

Catálogo

Xunto á exposición édítase un libro en tres linguas –galego, inglés e castelán– con dirección de arte do propio Victor Moscoso. Inclúe unha introdución do crítico neoiorquino Steven Heller e un ensaio biográfico de David Carballa, comisario da exposición, escrito tras unha longa serie de conversas co artista. Trátase da monografía máis extensa sobre Victor Moscoso a día de hoxe, con preto de 200 imaxes –entre obra en catálogo, documentada e fotografías biográficas.

Cartel

Victor Moscoso deseñou un cartel específico para a exposición na Fundación Luis Seoane da Coruña. Utilizando o método de imaxes superpostas que desenvolveu durante a súa etapa psicodélica, o cartel interactúa ao ser exposto baixo luz intermitente vermella e azul.

Tras o seu paso pola Fundación Luis Seoane, *Moscoso Cosmos: o universo de Victor Moscoso* itinerará ao MUSAC de León e ao Centro Niemeyer de Avilés.

Sobre Victor Moscoso

Victor Moscoso nace na localidade coruñesa de Vilaboa en 1936 e trasládase xunto aos seus pais ao barrio de Brooklyn na cidade de Nova York en 1940. Fórmase como deseñador e artista no Industrial Art Institute de Manhattan, na escola Cooper Union e na Escola de Arte da Universidade de Yale, onde foi alumno do mestre da Bauhaus Josef Albers, cuxas ensinanzas acerca da interacción da cor serán fundamentais na súa obra como grafista. Atraído polo movemento beat, no ano 1959 Victor Moscoso viaxa á costa oeste, onde continúa os seus estudos no San Francisco Art Institute con Richard Diebenkorn e Nathan Oliveira. Gradúase dous anos despois pasando a ser profesor de litografía con pedra. Aínda que parece chamado a ser nun dos pintores da segunda xeración da escola figurativa da costa oeste, a súa actividade como deseñador gráfico dará un xiro feliz e inesperado na súa carreira.

A finais de 1965 comeza a xurdir en San Francisco o movemento psicodélico. En paralelo á nova escena a musical –con bandas como The Charlatans, Jefferson Airplane, Big Brother and the Holding Company o Grateful Dead– aparece tamén unha nova escena visual: Os carteis de deseñadores novos como Wes Wilson, Alton Kelley ou Stanley Mouse captaron inmediatamente a atención de Victor Moscoso, que comprendeu intuitivamente que algo histórico estaba a piques de ocorrer.

Cara a finais de 1966, abandona a pintura para dedicarse en exclusiva ao deseño de carteis de rock psicodélico. Durante os seguintes oito meses –que desembocarán no Verán do Amor– Moscoso traballa a un ritmo frenético creando dous ou tres carteis de eventos á semana para salas como The Avalon Ballroom ou The Matrix. Esa serie de pósters puxo rostro á devastadora ola contracultural de finais dos sesenta na súa vertente máis ácida e deu a coñecer ao mundo en tempo real o que estaba ocorrendo en San Francisco. A súa linguaxe arriscada baseada na rotulación distorsionada e ilexible, as imaxes descontextualizadas e o contraste cromático agresivo puxo en xaque uns cantos dogmas do deseño gráfico moderno e a súa influencia reverbera aínda hoxe en día. Pero un ano despois, mentres os mundos da arte e a moda comezaban a asimilar a nutritiva descarga, Moscoso abandona a escena para dedicarse –case en exclusiva e con contagotas– ao cómic underground, un campo no que tamén inaugurou camiños inexplorados. Xunto a artistas como Robert Crumb, S. Clay Wilson ou Rick Griffin, creou o colectivo Zap, que editaría a revista do mesmo nome durante os seguintes corenta anos. Zap Comix foi un dique na loita pola liberdade de prensa nos Estados Unidos durante os anos setenta e converteuse no proxecto máis lonxevo e exitoso de cantos saíron da efervescene escena underground da costa oeste.

En 2017 Víctor Moscoso recibiu o premio Augustus Saint-Gauden de Cooper Union e en 2018 a medalla AIGA, un dos galardóns máis recoñecidos no eido do deseño gráfico. Mestres como Milton Glaser considéranos «o máis orixinal e enxeñoso dentro do xénero» e a súa obra revísase constantemente en novas exposicións, antoloxías ou ensaios. Porén, el viviu alleo a galerías e axencias durante o último medio século... Considérase a si mesmo un "artista comercial", pero é difícil imaxinar a un creador actuando con maior liberdade. Actualmente, aos seus oitenta e catro anos, nun pequeno estudo no Val de San Xerónimo (West Marin, California), Víctor Moscoso segue debuxando, facendo collages ou pintando.

David Carballal

Sobre o comisario

David Carballal é deseñador gráfico especializado en deseño editorial e comunicación corporativa. Ten deseñado coleccións de literatura, catálogos e monografías para diversas institucións culturais e impartido conferencias sobre arte e gráfica contemporánea. En 2017 comisaría para a Fundación Luis Seoane a exposición *Cómo se imprime un libro. Grafistas e impresores en Buenos Aires 1936-1950*, un percorrido pola historia da gráfica editorial arxentina a través da obra de autores como Horacio Coppola, Attilio Rossi, Grete Stern e Luis Seoane, entre outros. O proxecto daría lugar a unha publicación do mesmo nome deseñada polo comisario da mostra e itineraría ao Museo Patio Herreriano de Valladolid, á sede do Instituto Cervantes de Madrid e ao Museo Emilio Caraffa de Córdoba (Arxentina).

Para máis información e solicitude de imaxes:

Emma Fernández Castro

Fundación Luis Seoane

emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal

Tel. 981 216 015